

Jerónimo Puertas Agudo  
**Vicerreitoría de Investigación e  
Transferencia da UDC**

O 12 de decembro de 2024 a directora da Axencia Galega de Innovación ditou a seguinte resolución:

“En relación coa subvención concedida pola Axencia Galega de Innovación á Fundación Kaertor, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidades de Vigo, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (actualmente Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela - FIDIS), a Fundación Profesor Novoa Santos (actualmente Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC - FINIBIC) e a Fundación Biomédica Galicia Sur (actualmente Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur - FPGIBGS) para o desenvolvemento do programa de Biotecnoloxía aplicada á Saúde dentro do plans complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, resultan os seguintes

## FEITOS

**Primeiro.-** O 19 de maio de 2023 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Fundación Kaertor, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, a Fundación Profesor Novoa Santos e a Fundación Biomédica Galicia Sur para a realización do programa de Biotecnoloxía aplicada á Saúde dentro do plans complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

**Segundo.-** Conforme ao disposto na cláusula segunda do citado convenio (modificada polas Resolucións da directora de GAIN do 13/10/2023 e do 25/06/2024), as actividades a desenvolver pola Comunidade Autónoma de Galicia no marco do programa de Biotecnoloxía aplicada á Saúde teñen un custo estimado de 3.000.000,00 €, dos que 1.950.000,00 € corresponden a fondos MRR achegados polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades.

GAIN achegará á Fundación Kaertor, a USC, a UDC, a UVIGO, a FIDIS, a FINIBIC e a FPGIBGS a totalidade do financiamento do MRR conforme á desagregación por entidades, aplicacións orzamentarias e anualidades que a continuación se indican:

| Tipo de Fondos.                      | Entidade               | Aplicación Orzamentaria | 2023      | 2024        | 2025      | TOTAL       |
|--------------------------------------|------------------------|-------------------------|-----------|-------------|-----------|-------------|
| MRR<br>Código proxecto<br>2023 00001 | F. Kertor<br>G70477559 | 09.A2.561A.781.0        | 238.364 € | 382.969 €   | 197.847 € | 819.180 €   |
|                                      | USC<br>Q1518001A       | 09.A2.561A.744.0        | 25.000 €  | 121.000 €   | 62.000 €  | 208.000 €   |
|                                      | UDC<br>Q6550005J       | 09.A2.561A.744.0        | 3.000 €   | 79.000 €    | 33.000 €  | 115.000 €   |
|                                      | UVIGO<br>Q8650002B     | 09.A2.561A.744.0        | 25.000 €  | 111.000 €   | 34.000 €  | 170.000 €   |
|                                      | FIDIS<br>G15796683     | 09.A2.561A.743.28       | 26.800 €  | 119.231 €   | 48.569 €  | 194.600 €   |
|                                      | FINIBIC<br>G15335219   | 09.A2.561A.743.25       | 37.404 €  | 129.000 €   | 62.446 €  | 228.850 €   |
|                                      | FPGIBGS<br>G36911972   | 09.A2.561A.743.29       | 26.800 €  | 174.170 €   | 13.400 €  | 214.370 €   |
|                                      | TOTAL MRR              |                         | 382.368 € | 1.116.370 € | 451.262 € | 1.950.000 € |



**Terceiro.-** Na reunión da Comisión de Seguimento e Coordinación do convenio celebrada o 30 de outubro de 2024, a UDC solicitou o traspaso no seu orzamento de 30.714€ da anualidade 2024 á anualidade 2025 e por conseguinte o traspaso no mesmo sentido dos custes indirectos asociados (15% de 30.713 = 4.607 €) no orzamento da Fundación Kaertor por ser a responsable da súa xestión.

Esta nova redistribución responde, esencialmente, a que non todos os investimentos previstos para a anualidade 2024 van poder resolverse nos prazos previstos para poder xustificarse nesta anualidade, isto motiva a necesidade de modificar a distribución do orzamento correspondente ás anualidades 2024 e 2025, da forma seguinte:

| Tipo de Fondos.                      | Entidade               | Aplicación Orzamentaria | 2023      | 2024        | 2025      | TOTAL       |
|--------------------------------------|------------------------|-------------------------|-----------|-------------|-----------|-------------|
| MRR<br>Código proxecto<br>2023 00001 | F. Kertor<br>G70477559 | 09.A2.561A.781.0        | 238.364 € | 378.362 €   | 202.454 € | 819.180 €   |
|                                      | USC<br>Q1518001A       | 09.A2.561A.744.0        | 25.000 €  | 121.000 €   | 62.000 €  | 208.000 €   |
|                                      | UDC<br>Q6550005J       | 09.A2.561A.744.0        | 3.000 €   | 48.286 €    | 63.714 €  | 115.000 €   |
|                                      | UVIGO<br>Q8650002B     | 09.A2.561A.744.0        | 25.000 €  | 111.000 €   | 34.000 €  | 170.000 €   |
|                                      | FIDIS<br>G15796683     | 09.A2.561A.743.28       | 26.800 €  | 119.231 €   | 48.569 €  | 194.600 €   |
|                                      | FINIBIC<br>G15335219   | 09.A2.561A.743.25       | 37.404 €  | 129.000 €   | 62.446 €  | 228.850 €   |
|                                      | FPGIBGS<br>G36911972   | 09.A2.561A.743.29       | 26.800 €  | 174.170 €   | 13.400 €  | 214.370 €   |
|                                      | TOTAL MRR              |                         | 382.368 € | 1.081.049 € | 486.583 € | 1.950.000 € |

A Comisión de Seguimento e Coordinación, tendo en conta que non se altera o obxecto nin o orzamento total do convenio, mostra a súa conformidade cos cambios expostos e de acordo co disposto na cláusula cuarta do convenio propón á Dirección de GAIN a modificación da distribución dos fondos asignados ao convenio segundo a táboa anterior.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeiro.-** Na cláusula cuarta do convenio sinalase que "co fin de facilitar a execución do programa e a petición da/s entidade/es beneficiaria/s poderá modificarse a distribución dos créditos, entre anualidades, así como entre as propias entidades beneficiarias, establecida na cláusula segunda. **O acto polo que se acorde esta modificación será ditado pola Dirección de GAIN**, previo informe favorable da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula oitava do convenio e a tramitación do correspondente expediente económico, sen incrementar o importe total da axuda concedida ao conxunto de entidades beneficiarias".

Esta regulación específica que autoriza o reaxuste entre as anualidades do convenio sen necesidade de tramitar a correspondente addenda, xurde da complexidade de execución dos Plans Complementarios ao estar participados/executados por varias comunidades autónomas e en cada unha delas por varias entidades de I+D+i. Todas estas entidades teñen que coordinar a execución da súa actividade, o que xera reaxustes e modificacións frecuentes polo que para axilizar e simplificar estes cambios se autorízase este procedemento.

**Segundo.-** Entre as funcións da comisión de seguimento e coordinación previstas na cláusula oitava figura a de "propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables así como na distribución dos fondos por anualidades, sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista".

De acordo con todo o que antecede,

**RESOLVO:**



1- Modificar a distribución por anualidades da axuda vixente concedida a Fundación Kaertor e a UDC para o desenvolvemento do programa de Biotecnoloxía Aplicada a Saúde dos Plans Complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no convenio asinado o 19 de maio de 2023, no sentido indicado:

| Tipo de Fondos                          | Entidade                       | Aplicación Orzamentaria |                  | 2024 (€)  | 2025 (€)  |
|-----------------------------------------|--------------------------------|-------------------------|------------------|-----------|-----------|
| MRR<br>Código proxecto<br>2023<br>00001 | Fundación Kaertor<br>G70477559 | 09.A2.561A.781.0        | Inicial (1)      | 382.969 € | 197.847 € |
|                                         |                                |                         | Modificación (2) | 378.362 € | 202.454 € |
|                                         |                                |                         | Diferenza (2-1)  | - 4.607 € | 4.607 €   |
|                                         | UDC Q6550005J                  | 09.A2.561A.744.0        | Inicial (1)      | 79.000 €  | 33.000 €  |
|                                         |                                |                         | Modificación (2) | 48.286 €  | 63.714 €  |
|                                         |                                |                         | Diferenza (2-1)  | -30.714 € | 30.714 €  |

Tendo en conta o anterior a nova distribución da axuda para os expediente citado é a seguinte:

| Tipo de Fondos.                      | Entidade   | Aplicación Orzamentaria | 2023      | 2024        | 2025      | TOTAL       |
|--------------------------------------|------------|-------------------------|-----------|-------------|-----------|-------------|
| MRR<br>Código proxecto<br>2023 00001 | F. Kaertor | 09.A2.561A.781.0        | 238.364 € | 378.362 €   | 202.454 € | 819.180 €   |
|                                      | USC        | 09.A2.561A.744.0        | 25.000 €  | 121.000 €   | 62.000 €  | 208.000 €   |
|                                      | UDC        | 09.A2.561A.744.0        | 3.000 €   | 48.286 €    | 63.714 €  | 115.000 €   |
|                                      | UVIGO      | 09.A2.561A.744.0        | 25.000 €  | 111.000 €   | 34.000 €  | 170.000 €   |
|                                      | FIDIS      | 09.A2.561A.743.28       | 26.800 €  | 119.231 €   | 48.569 €  | 194.600 €   |
|                                      | FINIBIC    | 09.A2.561A.743.25       | 37.404 €  | 129.000 €   | 62.446 €  | 228.850 €   |
|                                      | FPGIBGS    | 09.A2.561A.743.29       | 26.800 €  | 174.170 €   | 13.400 €  | 214.370 €   |
|                                      | TOTAL MRR  |                         | 382.368 € | 1.081.049 € | 486.583 € | 1.950.000 € |

2- A tramitación dos documentos contables que se sinalan, de conformidade coa artigos 72.2 e 73 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o TRLFOG.

| Tipo de Fondos                 | Entidade                       | Aplicación Orzamentaria        |                  | 2024                        | 2025                                                                  |
|--------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|------------------|-----------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| MRR<br>Exp:<br>2023-<br>05-109 | Fundación Kaertor<br>G70477559 | 09.A2.561A.781.0<br>2023 00001 | Inicial (1)      | 382.969 €                   | 197.847 €                                                             |
|                                |                                |                                | Modificación (2) | 378.362 €                   | 202.454 €                                                             |
|                                |                                |                                | Diferenza (2-1)  | D/<br>A(r)/ RC/<br>4.607 €  | D complementario<br>RC complementario<br>A complementario<br>4.607 €  |
|                                | UDC<br>Q6550005J               | 09.A2.561A.744.0<br>2023 00001 | Inicial (1)      | 79.000 €                    | 33.000 €                                                              |
|                                |                                |                                | Modificación (2) | 48.286 €                    | 63.714 €                                                              |
|                                |                                |                                | Diferenza (2-1)  | D/<br>A(r)/ RC/<br>30.714 € | D complementario<br>RC complementario<br>A complementario<br>30.714 € |



Contra esta resolución, podrá interponerse recurso de alzada ante o Presidente da Axencia Galega de Innovación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.”

O director da Área de Xestión

Benito Fernández Rodríguez

